

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente.Sección Desenv.Territ.,Coop.e Medio Ambiente

Axudas a asociacións protectoras de animais domésticos para a realización de investimentos

Acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial da Coruña, do 10 de febreiro de 2020 (en virtude da delegación ao seu favor por parte da Presidencia da Corporación, aprobada por RP nº 24474/2019, de 16 de xullo), polo que se aproban as bases específicas do programa de axudas cuxo texto se transcribe en galego e castelán:

“PROGRAMA DE AXUDAS A ASOCIACIÓNS PROTECTORAS DE ANIMAIS DOMÉSTICOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS DURANTE O ANO 2020

BASES ESPECÍFICAS QUE DESENVOLVEN E COMPLEMENTAN A NORMATIVA CONTIDA NA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS E TRANSFERENCIAS PUBLICADA NO BOP NÚM. 72, DE 15.04.2019 (http://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2019/04/15/2019_0000002914.pdf)

Datos do programa

Denominación:	Programa de axudas a asociacións protectoras de animais domésticos da provincia da Coruña para a realización de investimentos durante o ano 2020
Referencia:	DP0037/2020
Aplicación orzamentaria:	0520/17221/781
Importe total do crédito consignado:	50.000,00 € (ampliables en función das disponibilidades orzamentarias)
Importe máximo da subvención a conceder:	15.000,00 €
Importe mínimo da subvención a conceder:	1.000,00 €
Coefficiente de financiamento:	Entre o 20 % e o 80 % do orzamento de gastos

Liñas Xerais

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades privadas da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación.

A tramitación, das subvencións derivadas do presente programa farase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A tramitación telemática aplicaráselle a todas as fases do procedemento (solicitud, concesión e xustificación) e incluíranse en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación e máis os envíos de documentación que fosen necesarios para tramitar os expedientes.

A resolución da solicitud de subvención, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrència competitiva e, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, notificarase mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web da Deputación, á cal se remitirá o texto publicado no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de notificacións administrativas.

Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación da Coruña, está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil.
- Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais.
- Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
- Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Regulamento orgánico e Bases de execución do orzamento de 2020, da Deputación da Coruña.
- Carta dos dereitos e deberes dos cidadáns da provincia da Coruña en relación coa Deputación provincial (publicada no BOP nº 63 do 07/04/2015)
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei galega 11/2007, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección da infancia e da adolescencia.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias do 5 de novembro de 1992, BOE n.º 222, do 15 de setembro de 2001.
- Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade do Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004.
- Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación Provincial da Coruña, publicada no BOP nº 186, do 29 de setembro de 2017.
- Lei galega 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia
- Lei estatal 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio natural e a biodiversidade
- Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia.
- Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña (BOP 72, do 15 de abril de 2019).

Base 2.- Obxecto

2.1. Investimentos financiados

As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións por parte da Deputación da Coruña, en réxime de concorrencia competitiva, para financiar proxectos de **investimentos** relacionados coa protección de animais domésticos que se realicen no ano 2020 por parte de asociacións privadas sen ánimo de lucro, de protección e defensa de animais domésticos, legalmente constituídas.

Excepcionalmente, e despois de petición razoada da entidade beneficiaria da subvención, na certificación de gastos realizados poderán incluírse gastos realizados con posterioridade ao 31 de decembro de 2020, con data límite do 30 de abril de 2021. Esta petición de prórroga poderá presentarse ata o 12 de decembro de 2020, ás 14:00 horas.

Os investimentos subvencionables deberán respectar as prioridades definidas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, relacionadas coa recollida, atención e coidado de animais de compañía pertencentes ás especies canina e felina.

Consideraranse gastos subvencionables os conceptos de gasto que se relacionan no punto 2.2, sempre que se leven a cabo polas entidades beneficiarias en centros de recollida e aloxamento debidamente autorizados e rexistrados no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (REGANUZ) que estén situados na Provincia da Coruña, admitíndose tamén os fogares de acollida temporal ou albergues utilizados habitualmente polas entidades beneficiarias.

2.2. Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables os seguintes:

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PLAN XERAL DE CONTABILIDADE (*)
206	Aplicacións informáticas
210	Terreos e bens naturais
211	Construcións
214	Utilexaxe
216	Mobiliario (material e equipos de oficina, coa excepción dos que deban figurar na conta 217).
217	Equipos para procesos de información (ordenadores e demais conxuntos electrónicos).
(*) Resolución de 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se aproba o Plan de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos.	

Base 3.- Exclusiones do programa

Non serán obxecto de subvención neste programa os seguintes investimentos:

3.1. Non poderán participar nesta convocatoria as entidades que sexan beneficiarias de subvencións nominativas no 2020 ou que vaian recibir neste exercicio orzamentario calquera outro tipo de achega desta Deputación.

Non se inclúen no anterior impedimento as subvencións concedidas a asociacións privadas sen ánimo de lucro de protección e defensa de animais domésticos para o cofinanciamento de proxectos de actividades previstas no Programa DP0035/2020. Porén, a suma de ambas as dúas achegas, se fora o caso, non poderá exceder de 25.000 €, tendo que reducirse éstas proporcionalmente ou a elección da entidade beneficiaria.

3.2. Os investimentos promovidos por persoas ou entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

3.3. Os investimentos promovidos por persoas ou entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

3.4. As obras, fases de obra e investimentos que non sexan susceptibles de entrega ao uso público.

Base 4.- Compatibilidades

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo da obriga de comunicar á Deputación a súa obtención.

Base 5.- O orzamento subvencionado que se ha xustificar: o coeficiente de financiamento.

5.1. O coeficiente de financiamento defínese xa no momento de presentar a solicitude de subvención e resulta ser o cociente entre o importe da subvención solicitada e o orzamento de gastos estimados pola entidade solicitante.

5.2. O orzamento subvencionado para xustificar será o resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

5.3. No caso de que a entidade beneficiaria obtivera outras subvencións, ingresos públicos ou privados para a mesma finalidade, ou mesmo obtivera recursos propios xerados pola propia actividade ou proxecto subvencionado, que sumados ao importe da subvención concedida dean un resultado superior ao importe calculado segundo o apartado anterior, o orza-

mento subvencionado que se ha xustificar será a suma de todo o financiamento obtido por mor da realización da actividade ou proxecto subvencionado. O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, polo menos, o importe do orzamento subvencionado para xustificar.

Base 6.- Solicitantes: requisitos e obrigas

6.1. Poderán participar na convocatoria as asociacións privadas sen ánimo de lucro legalmente constituídas, inscritas no “Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía”, creadas cunha antigüidade mínima de dous anos anteriores á data de finalización do prazo de solicitude.

6.2. Así mesmo, ademais dos previstos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP 72, do 15.04.2019) e na Lei Xeral de Subvencións, é requisito esixible ás entidades solicitantes, que deberá estar cumprido antes da data de finalización do prazo de solicitude, ter domicilio social ou oficina permanente na Provincia da Coruña e que o proxecto obxecto da súa solicitude se desenvolva no ámbito territorial da Provincia da Coruña.

6.3. Coa excepción prevista no parágrafo segundo da base 3.1, só poderá concederse unha subvención por entidade nas convocatorias de concorrencia competitiva. Para estes efectos, considéranse unha soa entidade, todas aquelas nas que os/as socios/as ou membros da Xunta Directiva sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50%, ás vinculadas nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que poidan encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

6.4. Tendo en conta que a tramitación será telemática, a entidade deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións se dirixirán a ese enderezo. Excepcionalmente poderase modificar o enderezo oficial, de forma xustificada, coa obriga de notificar a dita circunstancia á Deputación.

6.5. Deberán dispoñer de certificado dixital:

- O presidente ou representante
- A persoa que ocupe a secretaría
- A persoa responsable das funcións financeiras ou da tesouraría

6.6. Estaren ao corrente das súas obrigas coa Facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

6.7. Non estaren incursas nas causas de incompatibilidade ou de incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren as subvencións da administración pública dispostas no art. 13 da LXS.

6.8. Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática, de redes sociais ou audiovisual) que fixeran das actividades ou investimentos subvencionados, tamén na súa páxina web.

6.9. Utilizaren, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros/as que poidan acreditar mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón nominativo, etc) no que quede identificada a persoa ou entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento. Só excepcionalmente poderá utilizarse o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, ticket de aparcadoiro etc). O incumprimento desta disposición, para algún gasto, implicará que este gasto se considere “non subvencionable”, de conformidade cos art. 72.2, 75.2 e 89 do RDLXS e en relación cos art. 31.2 e 37 da LXS, sempre que o dito gasto supere o importe de 150 €.

6.10. Someterse, na súa condición de quen subscribe a conta, aos procedementos de control que poidan realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo. Como resultado dos ditos procedementos poderáselles esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, se fose o caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

6.11. As entidades beneficiarias deberán cumprir as súas obrigas contables nos termos indicados no art. 6 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP 72, do 15.04.2019).

6.12. Obriga de inscribir o ben no rexistro público correspondente, con indicación da subvención obtida e destinar os bens aos fins concretos para os que foi concedida a subvención durante un período mínimo de cinco anos, no caso de inmobles, ou de dous anos, no caso de bens inventariables.

6.13. A entidade beneficiaria da subvención provincial deberá pagar os seus gastos xustificativos antes de que transcorra un mes contado a partir da percepción da subvención. No caso contrario, o dito gasto considerárase como non válido para efectos de xustificación da subvención.

6.14. No caso de que para a realización das actividades subvencionadas o beneficiario contrate con terceiros a execución total ou parcial das mesmas, independentemente da solicitude de autorización no caso de subcontratación, e sempre que as citadas contratacións cun único terceiro superen o importe de 40.000,00 € (IVE excluído) para a realización de

obras, ou superior a 15.000,00 € (IVE excluído) para adquirir equipamento ou prestar servizos, deberase solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se fora o caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía de medios, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa, de acordo co disposto no artigo 31.3 da LXS, e no artigo 29 da Lei 9/2017 de Subvencións de Galicia.

6.15. Se ademais do indicado na Base 6.14 o importe da subvención supera os 40.000,00 €, a contratación realizarase mediante convocatoria pública e de acordo cun único criterio (o prezo) ou multiplicidade de criterios obxectivos debidamente ponderados que deberán constar no expediente de xustificación, ou se fora o caso, no de concesión, así como nunha memoria acreditativa da ponderación realizada e a súa motivación. Nesta memoria deberá xustificarse igualmente a tramitación pública da contratación. Para ese efecto, poderánselle facilitar modelos de pregos da Deputación.

No caso de que se tratase de investimentos (obras ou subministracións) a entidade deberá comunicar á Deputación cunha antelación mínima de 15 días a data prevista para a recepción dos investimentos, ao obxecto de que poida asistir un técnico do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación, ou manifeste este que non asistirá.

6.16. Utilizaren, con carácter xeral, unha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

6.17. No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil).

Base 7.- Solicitudes: forma, prazo e documentación

7.1. Presentación telemática.- As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL). A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

7.2. Prazo.- O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria do presente programa no BOP, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

7.3. Documentación.- A documentación da solicitude deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola secretaría co visto e praxe da presidencia ou persoa en quen delegue.
- No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola presidencia ou persoa representante.

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

7.3.1 Formulario de solicitude segundo o modelo normalizado (Anexo I) facilitado a través da plataforma SUBTEL (accesible desde a web da Deputación "<https://sede.dacoruna.gal/>").

7.3.2 Acreditación do requisito previsto no punto 6.1 anterior

7.3.3 PROXECTO do investimento a realizar, que deberá incluír os seguintes apartados:

a) Identificación e formulación precisas, con obxectivos claros e adaptados á realidade provincial, indicando o número e características dos beneficiarios e usuarios do investimento.

b) Localización dos investimentos programados.

c) Cronograma dos investimentos, que terán que encadrarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020.

d) Memoria económica do proxecto, indicando os conceptos de gasto adaptados aos contidos no apartado 2 da base 2, sinalado anteriormente, o importe solicitado á Deputación da Coruña (que non poderá superar o 80% do orzamento de gastos), así como as fontes de financiamento previstas (fondos propios, outras axudas complementarias, achegas dos participantes, etc).

e) Se o orzamento do investimento é inferior a 40.000 € (IVE excluído):

- Memoria valorada das obras e orzamento desglosado, aínda que de ser legalmente necesario ou por tratarse de obras que afecten á estabilidade, seguridade e estanquidade da obra, requirirase a achega do proxecto técnico.

- Autorizacións e licenzas que sexan preceptivas para a realización das obras ou compromiso de obtelas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e do medio.

- Prescricións técnicas das subministracións e orzamento desglosado, subscritas por técnico competente.

- Valoración dos inmobles a adquirir subscrita por técnico competente ou avalada por institucións oficiais.

f) Se o orzamento do investimento é igual ou superior a 40.000,00 €, ademais da anterior:

- Proxecto técnico das obras subscrito por técnico competente.

7.3.4 Documento acreditativo da delegación da presidencia, se fose o caso, no que se especifique o alcance da delegación (presentación telemática das solicitudes de subvencións, sinatura electrónica de todos os documentos necesarios para a súa tramitación, incluíndo as certificacións ...).

7.3.5 Certificación acreditativa do acordo de solicitude adoptado pola asemblea xeral de socios ou padroado de goberno e de designación da persoa representante para as relacións coa Deputación.

7.3.6 Declaración de non estaren incursas a persoa representante e a entidade solicitante nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren subvencións da Administración pública, dispostas no art. 13 da LXS.

7.3.7 Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.

7.3.8 Solicitude de autorización cuantificada, para o caso de que a entidade solicitante concerte a execución total ou parcial obxecto da subvención con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, de conformidade co disposto no artigo 29.7.d) da LXS, e no artigo 68 do RDLXS.

7.3.9. No caso de solicitar a axuda para unha fase da obra, definírase a fase no informe técnico e garantírase que é susceptible de utilización independente e a posibilidade de continuidade da obra por contar con financiamento.

7.3.10 Declaración de ter acreditada a propiedade ou dereito real que se posúa sobre o ben inmovible, propiedade ou arrendamento, con indicación do prazo de vixencia, e, no seu caso, declaración de ter autorización do propietario para a realización das obras.

7.3.11 Compromiso de obtención das licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e do medio.

7.3.12 Compromiso de manter a adscrición do ben ás fins que motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de cinco anos, no caso de inmobles ou de dous anos no caso de bens inventariables.

7.3.13 Compromiso de inscribir o ben no rexistro público correspondente, con indicación da subvención obtida e do período de adscrición do dito ben ás fins previstas.

7.3.14 De conformidade co indicado na base 6.17, declaración de que se dispón das correspondentes certificacións negativas que acrediten que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. Tamén esixírase esta certificación negativa para calquera persoa que se incorpore con posterioridade ás ditas actividades. Esta documentación poderá ser requirida en calquera momento pola Deputación da Coruña.

7.3.15 Calquera outra documentación, compromisos ou manifestacións que sexan precisos para a valoración da solicitude.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, daráselle un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado este prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar a integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Base 8.- Resolución**8.1.- Valoración das solicitudes.-** Son criterios de baremación do programa os seguintes:

CRITERIO	PTOS
Sede central (6) ou oficina permanente (3) na Provincia da Coruña	6
Anos de experiencia no sector (dende a data de constitución): 2-4 anos: 4; 5-7: 6; 8 ou máis: 8	8
Capacidade de xestión na Provincia da Coruña no 2019: 1-2 empregados: 3; 3-4: 4; 5 ou máis: 5	5
Masa salarial dos empregados na Provincia da Coruña no 2019: ata 7.500€: 3; de 7.501-15.000€: 4; máis de 15.000€: 5	5
Número de socios na Provincia da Coruña (na data de presentación da solicitude): 25-30: 2; 31-40: 4; 41-50: 6; 51 ou máis: 8	8
Persoal voluntario na Provincia da Coruña (na data de presentación da solicitude): ata 15:3; de 16-25:4; de 26-40:5; máis de 40: 6	6
Cans existentes a 31.12.2019, acollidos en centros propios e/ou xestionados a través de convenios de colaboración: ata 25: 5; entre 26-50: 10; entre 51-75: 15; entre 76-100: 20; máis de 100: 30	30
Gatos existentes a 31.12.2019, acollidos en centros propios e/ou xestionados a través de convenios de colaboración: ata 25: 5; entre 26-50: 9; entre 51-75: 14; máis de 75: 20	20
Financiación propia (respecto dos gastos sinalados na solicitude): ata o 10%: 6; entre o 10,1-30%: 8; máis do 30%: 10	10
Emprego da lingua galega na documentación empregada, web, difusión, actividades, etc.	2

O importe da subvención estará comprendido entre os límites establecidos na convocatoria (de 1.000 € a 15.000 €), priorizando as solicitudes con maior puntuación, entre as que obteñan un mínimo de 30 puntos.

O importe concreto virá determinado polos puntos obtidos, que se corresponderán cunha porcentaxe sobre o importe solicitado, nunha escala que vai desde un mínimo de 30 puntos, ao que lle correspondería un 20 % da cantidade solicitada, ata 80 puntos, a partir do cal se asignaría o 100 %.

8.2.- Concesión

A concesión das subvencións realizarase mediante un réxime de concorrencia competitiva e será aprobada por resolución do Presidente da Deputación.

A unidade que tramita o expediente, á vista da documentación que consta neste e logo da valoración das solicitudes de conformidade cos criterios de baremación establecidos no punto anterior, e tendo en conta a valoración da comisión técnica, formulará un informe proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivado, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite. Este informe proposta será remitido ao servizo de Intervención para a súa fiscalización.

O Presidente da Deputación ditará resolución de concesión provisional, que deberá notificárselles a interesadas/os na forma prevista na convocatoria, concedéndolles un prazo de 10 días hábiles para presentaren, se fose o caso, a desistencia da solicitude, a reformulación, o cambio de obxecto, ou as alegacións que considerasen oportunas. No caso de non formular desistencia expresa, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas distintas ás aducidas polos interesados. Neste caso, a resolución de concesión provisional adoptada terá o carácter de definitiva.

No caso de que existisen alegacións por parte das/os interesadas/os, deberanse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva das subvencións.

A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor do beneficiario proposto fronte á Deputación mentres non se lle notifique a resolución definitiva de concesión.

Prazo de resolución: seis meses desde a finalización do prazo de presentación das solicitudes.

Prazo de notificación: dez días desde que se dite a resolución da concesión da subvención.

As autorizacións ás que se refire a Base 7.2.8, e sempre que se achegara a información necesaria, entenderanse concedidas co outorgamento da subvención, nos termos da solicitude presentada.

8.3.- Reformulación de solicitudes e cambios de obxecto

As reformulacións e cambios de obxecto das solicitudes presentadas rixiranse polos arts. 14 e 15 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP 72, do 15.04.2019).

Base 9.- Xustificación e pagamento

9.1. Prazo de xustificación.- O prazo para a xustificación das subvencións rematará o 30.04.2021, ás 14:00 horas. Para as subvencións que teñan concedida unha prórroga, o prazo de xustificación rematará o día 29 de maio de 2021, ás 14:00 horas.

9.2. Consideracións xerais.- As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos aprobados na concesión definitiva e que figurarán en cada expediente de solicitude.

As subvencións aboaranse mediante o ingreso na conta sinalada pola entidade beneficiaria, tendo en conta o seguinte:

9.2.1 A cantidade para xustificar será o importe da subvención concedida dividido entre o coeficiente de financiamento fixado nas presentes bases.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención da Deputación da Coruña, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado para xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, polo menos, o importe do orzamento subvencionado para xustificar.

9.2.2 O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento desenvolvido pola entidade beneficiaria.

9.2.3 Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

9.3.- Documentación xustificativa específica do programa.- A documentación xustificativa deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola secretaría co visto e prace da presidencia ou persoa en quen delegue.
- No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola presidencia ou representante designado pola entidade para as relacións coa Deputación.
- No caso das certificacións de gastos e de ingresos, polas persoas que exerzan as funcións financeiras ou da tesouraría, así como pola que exerza a representación legal.

Sobre os gastos realizados deberá terse en conta o seguinte:

a) De conformidade co indicado na Base 7.2.8, no caso de que na declaración de gastos figuren persoas acreedoras, tanto físicas como xurídicas, vinculadas coa entidade beneficiaria, estas deberán corresponderse cos indicados na solicitude de autorización. Asemade, os importes de ditos gastos deberán referirse unicamente ao custo base da actividade realizada, excluindo calquera tipo de beneficio.

b) Unicamente serán subvencionables os gastos realizados entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de decembro de 2020 (salvo os supostos de prórroga de execución previstos no parágrafo segundo da base 2.1), con independencia de que o pagamento dos citados gastos se realice segundo o disposto na base 6.13. Non obstante, naqueles casos nos que os investimentos fosen realizados ao final do período da convocatoria de subvencións, poderían admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que fosen expedidos ata o día 16 do mes de xaneiro de 2021.

c) Así mesmo, no caso de obras ou subministracións, e dado que o cumprimento do deber de expedir facturas en prazo non é imputable ao beneficiario da subvención provincial, poderían terse en conta as facturas posteriores ao 16 de xaneiro, coa condición de que se xustifique ter recibidas as obras ou subministracións dentro do ano da convocatoria, debendo acreditálo mediante a acta de recepción e/ou os albaráns.

d) No caso de programas ou proxectos subvencionados en anos sucesivos, presentárase unha declaración de que os xustificantes que se achegan son distintos dos xa presentados en exercicios anteriores.

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

9.3.1 Memoria xustificativa asinada pola presidencia ou representante, que describirá os investimentos realizados, resultados obtidos, desviacións acaecidas e o grao de cumprimento dos obxectivos propostos, acompañada das fontes de verificación que procedan (imaxes, carteis, dípticos, etc.) e a seguinte documentación:

a) No caso de adquisición de equipamento:

- Certificación dos gastos realizados, segundo as plantillas facilitadas a través da plataforma SUBTEL
- Facturas

- Acta de recepción ou albarán de entrega e fotografías dos investimentos realizados
- Se o seu importe supera os 15.000 € (IVE excluído) deberá achegarse unha valoración pericial do ben adquirido suscrito por técnico competente.
- No caso de adquisición de vehículos deberá acreditarse a inscrición no rexistro público correspondente.
- b) No caso de obras deberá de achegarse a seguinte documentación:
 - Acreditación de ter obtidas as licenzas preceptivas e do cumprimento das normas contractuais e urbanísticas que fosen procedentes.
 - Certificación dos gastos realizados, segundo as plantillas facilitadas a través da plataforma SUBTEL
 - Certificación de obra escaneada, suscrita por técnico competente, tendo en conta o seguinte:
 - * Se as obras se executan por administración, na certificación de obra concretarase exclusivamente o importe da execución material (non poderá incorporarse, polo tanto, nin gastos xerais, nin o beneficio industrial nin o imposto sobre o valor engadido); non obstante poderá ser substituída esta por facturas expedidas polos distintos provedores.
 - * Se as obras as executa un contratista adxudicatario, á certificación de obra, que poderá conter os gastos xerais, o beneficio industrial e o IVE.
 - Facturas
 - Acta de recepción escaneada
 - Fotografías dos investimentos dilixenciadas por técnico competente
- e) Para a adquisición de inmoables deberá de presentarse:
 - Escritura pública de adquisición
 - Declaración de inscrición no Rexistro da Propiedade do financiamento obtido e da adscrición do ben á finalidade para a que a subvención foi concedida por un prazo mínimo de 5 anos, e
 - Se o ben adquirido supera os 15.000 €, unha valoración pericial suscrita por técnico competente.

9.3.2 Compromiso de destinar os investimentos realizados á finalidade social para a que foron realizados alomenos durante cinco anos máis, no caso de inmoables, ou de dous, no caso de bens inventariables.

9.3.3 Declaración da Presidencia da entidade na que se faga constar que o gasto foi reflectido, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da LXS.

9.3.4 Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

9.3.5 De conformidade co disposto na Base 6.14, a entidade deberá achegar as 3 ofertas requiridas e xustificar a súa elección, salvo que esta recaese na máis vantaxosa economicamente.

9.3.6 Relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestaión de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

No caso de concorrencia de subvencións públicas que estean xustificadas, poderá achegarse certificación da administración que a concedeu, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados e período ao que se refiren os gastos.

9.3.7 Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

9.3.8 Declaración de non ter pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación dos xustificantes.

9.3.9 Cando a xustificación se presente fóra de prazo, a entidade aceptará a sanción que lle corresponde segundo se recolle nas bases da convocatoria, así como a compensación do importe da sanción no pago da subvención, de conformidade cos disposto na base 10.

Se a documentación que teña que presentar xa consta na Deputación porque a achegou nun expediente a través da plataforma SUBTEL e non ten ningunha modificación posterior á súa achega, pode optar por presentar unha declaración

na que conste o nome do/s documento/s co número do expediente no que o/s achegou e que non sufriu modificacións posteriores.

9.4 Tramitación da xustificación

Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da Lei xeral de subvencións, enténdese que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada na base anterior.

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo dos informes previos da unidade xestora, despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades subvencionadas e, se a documentación é correcta, procederase ao pagamento da subvención.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique gasto polo 100 % do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100 % e, máis do 50% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50 % do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedido, ditándose resolución que deberá ser notificada á beneficiaria.

A Deputación da Coruña poderá requirir da entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

Conforme ao que se dispón nas bases de execución do exercicio correspondente, o grao de execución das actividades subvencionadas poderá ser considerado entre os criterios de valoración en futuras convocatorias.

No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de que teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, advertirase á entidade beneficiaria de que non se procederá ao pagamento se no prazo dun mes non xustifica ter regularizada a súa situación tributaria ou social, e declarárase a perda do dereito á subvención outorgada.

9.5 Procedemento de reintegro de subvencións

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade das subvencións de carácter prepagable, ou ausencia de xustificación destas nos termos contemplados nestas bases, ou cando se acrediten estas circunstancias ou se poña de manifesto o incumprimento das obrigas do beneficiario durante o proceso de control financeiro posterior ao pagamento, a Deputación provincial esixiralles ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias, o reintegro das cantidades correspondentes xunto cos xuros de mora correspondentes, de acordo co procedemento establecido e de acordo cos arts. 41 e ss da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP 72, do 15.04.2019).

Base 10. Incumprimentos e sancións

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nestas bases sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a renuncia á subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades establecidas na LXS.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo recolle o artigo 47.7 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias:

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: 75 €
- Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: 600 €
- Atraso na presentación da xustificación de máis de tres meses: 900 €

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción, agás que a entidade sancionada formule oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

Para outros incumprimentos e sancións non previstos neste apartado será de aplicación o disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP 72, do 15.04.2019).

A todas as sancións propostas seralle de aplicación a redución do 35% da sanción pecuniaria pola aceptación expresa do presunto responsable, de conformidade co establecido no artigo 85.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Base 11. Publicidade das subvencións concedidas

A Deputación Provincial da Coruña publicará no Boletín Oficial da Provincia as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.

A publicidade realizarase no primeiro e terceiro trimestre de cada exercicio con relación ás subvencións concedidas no semestre inmediato anterior. Simultaneamente, a información publicada inserirase na páxina de internet da Deputación (www.dacoruna.gal).

A Deputación contará co Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios a que se refire a disposición adicional sexta da Lei de subvencións de Galicia e facilitará á comunidade autónoma a información a que se refire o apartado 3 do artigo 16 da devandita norma.

Disposición adicional primeira

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>).

Disposición adicional segunda

A participación na convocatoria supón a aceptación destas bases reguladoras.
